

A ILUSTRACIÓN GALEGA, SÉCULO XVIII

Francisco Carballo

Unha iniciativa de



co apoio de

Galiza, como Europa, ten no século XVIII, continuidades e cesuras en todos os ámbitos. Escrebe Alberto Tenenti:

Arredor do ano 1700 encontrámonos en varios aspectos na presenza dunhas das articulacións más importantes da historia europea e que é, ao menos en parte, intercontinental. (La Edad Moderna, 2003, páx. 311)

Galiza, *finisterrae* europeo, preséntase inmensa en froitos da Ilustración, primeira etapa da modernidade, e á vez como reino vigoroso e complexo.

A Ilustración galega é un proceso gradual: afecta a toda a sociedade, modifica todos os sectores; é lenta, pragmática e intenta resolver os seus problemas económicos e administrativos. Ata mediado o século XVIII, este país mantivo arte e técnicas agropesqueiras do XVII, e ía lentamente modificándoas. Un signo de apertura e de necesidade de cambios é a reforma da Universidade de Santiago de Compostela, 1747-1751, vanguarda das restantes da coroa de Castela, que só se reforman con Carlos III.

Porque a Ilustración -as Luces-, di J. Fontana, é pensamento crítico, desconfianza do saber establecido, razón fronte á tradición. É unha nova sensibilidade que critica a monarquía, a relixión e confía no progreso. É, sobre todo, unha pedagogía. Osixénase coa primeira revolución industrial de Inglaterra, mais ten o berce en Francia desde onde se expande. Na Galiza, a Ilustración é nun senso amplio: pensamento crítico sobre as zonas más escuras da política e da relixión, interese pedagóxico, reformismo, arelas de cambio dos sectores empobrecidos dos que posuímos pouca documentación.

As fontenlas desta mutación de Galiza son varias. Moi influentes as francesas. Como autóctonas podemos enumerar: o Seminario de Mondoñedo, 1582, que obtén validez universitaria no 1779. Os mosteiros bieitos de Lérez, Poio e Santiago. Esta orde recibira dos bieitos de Francia exemplo e comunicacións para a investigación histórica. Algúns xesuítas dos seis colexios que posuíron ata 1767. A Universidade de Santiago de Compostela, decididamente desde a devandita reforma de Diego de Ulloa e as posteriores do reinado de Carlos III. O desenvolvemento destes xermolos correspondeu a academias e asociacións máis que a cátedras das escolas.

Persoeiros e colectivos

Os persoeiros son numerosos. Imos subliñar os más relevantes. Os colectivos son poucos.

Persoeiros

Nunha ollada cronolóxica atendemos tres momentos:

1. Primeira xeración: Bieito Xerome Feixoo e Martiño Sarmiento

Está protagonizada por **Bieito Xerome Feixoo e Montenegro**, (1676-1764). Monxe de Samos (Lugo), estuda artes en Lérez, onde comeza o profesorado. Continúao en Poio e na universidade de Oviedo ata 1739. O primeiro volume do *Teatro Crítico* é de 1726, e o VIII de 1739. Publicou, igualmente, cinco volumes de *Cartas Eruditas*, o primeiro en 1742 e o quinto en 1760. Feixoo é un ensaísta enciclopédico. Combate as supersticións e a credulidade. Provocou un debate intenso; o rei Fernando VI emitiu unha determinación en defensa e protección de Feixoo, 1748. Martiño Sarmiento publicou unha *Apoloxía do Mestre*. Feixoo pisaba terreo: denunciou a miseria de sector campesiño e propuxo cambios na administración.

Martiño Sarmiento -Pedro Xosé García Balboa- (1695-1772), educado en Pontevedra, no colexio dos xesuítas, ingresou no mosteiro de San Martín (Madrid). Amigo de Feixoo, editor das obras deste, deixou inédita unha obra inmensa que responde ás iniciativas reformistas da Monarquía: planos de arquitectura, de estradas etc. Mantiña un faladoiro académico na súa cela no que se debatían todos os problemas. Importante en Botánica, en Medicina natural, en Arquivística, dedicou á Filoloxía estudios, viaxes por Galiza e ensaios. Redactou catro grandes tratados de lingüística galega: *Catálogo de voces*, *Colección de voces*, *Elementos etimológicos* e *Onomástico etimológico de la lengua gallega*. O *Coloquio de 24 galegos rústicos* é un cadro teatral en galego. Sarmiento é único, de inmensa erudición, dun galeguismo visceral e dunha sorprendente capacidade de saberes.

2. Segunda xeración: Francisco de Castro, Xosé Cornide de Saavedra e Pedro Antonio Sánchez

Nesta segunda xeración, os ilustrados galegos defínense como fisiócratas. Emiten informes para a reforma agraria, a cultura, escola e lingua galega. **Francisco de Castro** (1721-1790), arcediago, principal

animador da Sociedade de Amigos do País de Lugo: ataca a existencia de morgados, defende o idioma galego e intenta unha *summa teolóxica* de 12 volumes.

Xosé Cornide de Saavedra (1734-1803), da fidalguía coruñesa, traballou en varios colectivos, Director segundo do Real Montepío de Pescadores do Reino de Galicia. Interveu en diferentes encargos administrativos. Polígrafo, deixou un importante *Ensayo para la historia de los peces*, 1778 , e breves poemas en galego.

Pedro Antonio Sánchez (1749-1806), procede da Universidade de Santiago. Un dos fundadores da Sociedade de Amigos do País de Santiago, 1784; seguidamente membro do consulado da Coruña. Os seus memoriais a prol da artesanía téxtil, dos curtidos, da navegación do río Miño, da mellora gandeira, achégano aos liberais da terceira xeración.

3. Terceira xeración: Lucas Labrada

A terceira xeración acolle algúns que outro filoliberal con proposta de superación do reformismo. **Lucas Labrada** (1762- 1842), nace no Ferrol, de pai profesor de gramática. Secretario do Consulado da Coruña en 1802, a súa *Descripción económica del Reino de Galicia*, 1804, revela un ilustrado á busca de programas de cambio de sistema. Labrada, como L. Marcelino Pereira, colabora cos mandos afrancesados nos que vían unha alternativa.

Outro importante feixe de ilustrados deixaron creacións de utilidade: **Manuel B. Ventura Figueroa** (1708-1783), cóengo de Ourense, auditor da Roa, legou unha fundación de máis de seis millóns de reais a estudantes pobres da que se serviron, especialmente, os de Cotobade (Pontevedra). **Antonio Raimundo Ibáñez** (1749-1809), da raia galego-asturiana, comerciante e fundador de Sargadelos, a primeira fundición española de ferro e fábrica de cerámica. Explicou en opúsculos os seus proxectos. Provocou as iras dos fidalgos e de campesiños ao servirse da madeira dos comunais, afrancesado en ideas, sufriu unha morte aleivosa nas rúas de Ribadeo.

Esta escolma de oito ilustrados galegos podíamos multiplicala por cinco. Todo un feixe de personalidades que redescubren Galiza como reino cuxa realidade senten e defenden.

Colectivos

Os colectivos a lembrarmos son:

1. Academia de Agricultura do Reino de Galicia

Establecida na Coruña (1765-1774), tiña unha composición de altos funcionarios, nobres, militares e grandes propietarios. Atribuíu de entrada os males do país aos terreos ermos, ao minifundio e baixa produtividade. Careceu de orzamentos e recibiu acerbas críticas, por exemplo de Martiño Sarmiento, pola súa desconexión coa realidade rural.

2. As Sociedades de Amigos do País

Fundáronse en Santiago, 1784, e en Lugo, 1785. As dúas reflicten as capas dominantes da cidade. A de Santiago desenvolveu unha actividade variada: escola de debuxo na cidade, varias de fiado nos arredores; impulsou o cultivo do liño, da seda; etc. Contou cunha minoría de membros activos, coa protección do Cabido e da Universidade, non así do Concello.

A de Lugo fora impulsada polo bispo Armanyá, 1768-1784, frade agostiño, acedo antixesuíta, mais animador da agricultura e industria. Francisco de Castro foi un constante sostén desta entidade.

3. Real Consulado da Coruña

Esta entidade foi erixida por real cédula como consulado marítimo e terrestre, para atender a cidade de A Coruña, o seu porto, o de Vigo e todos os portos e pobos do Arcebispado de Santiago, no 1785. Os órganos directivos eran unha xunta e un tribunal de primeira instancia. Nun primeiro período coincide a súa política coa das Sociedades de Amigos do País. Logo, desde 1790, ademais de fomentar o comercio, busca a creación de industrias, subvenciona as de mantelarías, sombreiros etc. Fausto Dopico escribe do consulado nos anos de principios do XIX: “*Con máis forza cobra raigaña unha ideoloxía liberal acompañada dun programa globalizador: reforma administrativa, fiscal.*”

Estes son os centros oficiais. A nivel local as voces da tradición e as da crítica reformista entrecrúzanse no púlpito , as prazas e as tabernas. Pedro G. de Ulloa, autor dun estudo da casa de Monterrei, inza o escrito coa censura dos “*doctorciños que pontifican nas tabernas*”. É que se estendía

polo país unha curiosidade por saber, ao ritmo de creación de escolas, do aumento de feiras e de literatura de cordel. En resumo, os nosos Ilustrados aportaron solucións dentro do sistema. Da clandestinidade temos datos de crítica acerba ao alto clero, nobreza e funcionariado: unha recepción popular da Ilustración. Esa melodía acompañou as revoltas, por exemplo contra a “Unica” na década dos 90 e aflora en coplas en galego e castelán.

A alfabetización deu un paso adiante. O lector pode facerse unha idea á vista do seguinte cadro:

Situación escolar, segundo Lucas Labrada, 1797:

	Número	MESTRES	ESCOLARES
Universidade	1	20	1.262
Academias	19	36	885
Colexios	8	23	115
Escolas de nenos	561	567	14.533
Escolas de nenas	89	94	1.699

Antón Costa, *Historia da educación e da cultura en Galicia* (2004), ofrécemos a cronoloxía de creación de escolas de ler e escribir desde 1521 a 1808. Creáronse 123, das que 86 corresponden ao século XVIII. O Catastro de Ensenada dános 139 escolas de ler e escribir; Antón Costa logra un listado de 52 escolas de gramática das que 30 corresponden ao século XVIII. Os seis colexios dos xesuítas, creados no XVI e XVII, e abertos ata 1767, superaban en moito os residuais de 1797. Nese grao desmellorara o ensino de gramática na Galiza de finais de século. A Universidade de Santiago aumentou en alumnos ao longo do século.

Mais os galegos tiñan outras oportunidades de aprender, como as escolas de avezar, de pago ou gratuítas. Ofelia Rey, *A Galicia clásica e barroca* (1998), estuda o crecemento da alfabetización a partir dos que saben asinar: “*a comezos do século seguinte (o XIX) é evidente que o incremento do número de asinantes afectara a todas as zonas, pero tamén que a media xeral do 65'3% non se alcanzaba no mundo rural e menos aínda nas áreas do interior, situadas entre o 32'3% e o 45'6%.*”. A suba durante o XVIII da porcentaxe de asinantes foi do 31% ao 65%, ao menos no territorio da actual provincia de Pontevedra.

Unha imaxe do país

Como era a Galiza do XVIII? Economicamente complexa. Socialmente estamental, cada día con máis notacións de clases. Politicamente un reino do que se senten orgullosos os Ilustrados. Culturalmente comeza a advertirse a diglosia na lingua mentres as artes evolucionan do barroco e rococó ao neoclásico.

Poboación e producións

No 1750, Galiza tiña 1.299.312 habitantes, Europa 140 millóns, América Latina 11 e España 9 (A. Tenenti, *La Edad Moderna*, 2003, pág. 397). Galiza aparecía como territorio de singular importancia poboacional para a Monarquía Borbónica.

Unha poboación moi rural. Só Santiago acadaba uns 18.000 habitantes, nunha Europa de Londres con 675.000, París con 570.000, Madrid con 100.000 e Cádiz con 60.000.

Para tan alta densidade de poboación cumplía unha paralela produtividade. A economía galega era complexa: agrogandeira, artesá, pesqueira e feiral. A agrogandeira primaba como en toda Europa. Á Galiza cerealista sucedera, desde o século XVII, a dos novos cultivos: millo grosso e pataca. Grazas a estes cultivos minguou o barbeito, aumentou a estabulación vacúa. Vide e gando son os produtos que mellor miden o comercio. Da venda do viño extrae o fisco a maior porcentaxe das alcabalas e tributo dos “millóns”. A cabana gandeira acadou medidas non superadas (1750):

Clase de gando	Número de cabezas	%
Vacún	920.197	21'6
Ovino	2.011.422	47
Porcino	583.793	13

O caprino, mular e asnal repártense o resto.

Nos anos 1754-1756 Galiza tiña 1.788 barcos de pesca, o 37% do Estado. A partir de 1760 vai experimentar esta actividade grandes cambios: a arte do xeito dá espazo á xávega, a salga extrae máis saín e o sistema de traballo abandona o gremial polo salarial, aínda que este se axusta ao quiñón e a salarios en especie (viño, alcohol, etc). Os

“fomentadores” desta pesca, oriúndos do Levante, practican o comercio de ida e volta a Cataluña e ao Mediterráneo en xeral.

Á beira desta produción primaria, o sector secundario crece: o téxtil (la e liño) e o do ferro e coiro. Xoán Carmona estudiou a fondo estes sectores económicos. A produción téxtil, espallada por lugares e aldeas, deu materias primas ao traballo dos teares -obra maiormente feminina- e complementaba a actividade agrogandeira. Serviu de atracción de mercadores. Os pelamios eran numerosos na zona de Betanzos, Allariz, etc. Santiago era o gran mercado de coiros da península. Para o ferro, xa anotamos a fundición de Sargadelos; existiron ferrarías, como as do Courel, en todo o este de Lugo.

Esta economía complexa era compartida en centos de feiras locais. Ás urbanas chegaron mercadores foráneos. Mais o comercio altamente rendíbel era o colonial e o dotado de boas comunicacións. Galiza tivo as costas mal defendidas, só contara co dereito da avaría ata as concesións postais á Coruña, 1764, e posterior apertura de portos ao comercio atlántico desde 1778. Resulta significativo que a este comercio colonial acudiran axentes exteriores en competencia cos galegos. A fin de século posuímos o listado de grandes comerciantes dedicados a este trasfego: 31 vascos, 25 asturianos, 23 galegos, 22 cataláns e outros en número inferior. Ao socairo de exportación e importación colonial sorden intentos industriais: mantelerías, sombreiros, lenzos, etc., nos arredores da Coruña, en Pontevedra, etc.

En suma, unha Galiza de economía a abrirse ao comercio e a entrar no ciclo industrial, mais con carencia de vías de comunicación co exterior, de tecnoloxía ao día e dun liderado político empresarial. Nin a Audiencia, nin a Xunta do Reino suplementaron tal disposición.

O aproveitamento do excedente económico

Non é aínda susceptíbel de cuantificación todo o excedente económico galego do século XVIII. Hipotéticos cálculos dan unha converxencia cara a media estatal mellor que no XVII e no XIX. Podemos acercarnos ao agrario, o máis importante e más compartido por todos os habitantes: a mediados do XVIII, o excedente agrario procedía (en %):

De foros, 53%

De dezmos, 39%

Do voto de Santiago e primicias, 5'5%

Dereitos reais e de señorío, 1'7%

Eran perceptores deste excedente a nobreza, o clero, a fidalguía e un 10% de campesiños más o fisco real. R. Villares distribúe así o reparto (en %):

Nobreza, 9'5
Clero, 33'7
Fidalguía, 51
Campesiñado, 5'2
Fisco real, 0'6

(Ramón Villares, *La propiedad de la tierra*, 1982, pág. 44)

Agora ben, a nobreza coa fidalguía comprendían o 4% da poboación. O clero só un 0'7%. Estes dous sectores privilexiados acaparaban o 95% do excedente. O clero cargaba co sostento de hospitais e da maioría das escolas, mesmo algúns dos colexios dos xesuítas como o de Monterrei. Mais os membros do clero e os da fidalguía ocupaban escalas económicas desiguais, desde a pobreza á riqueza; desde unha renda de 500 ferrados a outra de 5.000. Clero alto e fidalguía invertían de maneira semellante o excedente: magníficas catedrais reparadas no XVIII, templos monacais, suntuosas vivendas, e numerosos servidores domésticos. Os fidalgos competiron coa alta nobreza en luxos. Alto clero, nobreza e parte da fidalguía vivían a niveis de alimentación, vestido e gastos suntuarios a enorme distancia dos campesiños e das clases urbanas asalariadas.

Desde este contexto podemos analizar a arte do século XVIII: unha incomparábel arquitectura, escultura, pintura, xoiaría, xardinaría, etc. Esta Galiza da Ilustración reconstrúe as cidades con prazas e grandes palacios. As vivendas urbana e rural abandonan as construcións de madeira polas de pedra. En moitas aldeas é posíbel datar vivendas de granito do século XVIII.

A cidade concibida desde a sensibilidade ilustrada foi Ferrol. O barrio da Magdalena serve de retrato desta sensibilidade. En Ferrol deuse o primeiro numeroso proletariado da Galiza: en 1717, Ferrol tiña 315 veciños. Crece desde 1746 e acada 4.100 no 1797. Supera a todas as cidades galegas agás Santiago (Manuela Santalla, *Ferrol, 1726-1858*, 2006, pág. 51).

Santiago, tan medieval e renacentista, recompón as prazas do Obradoiro, da Quintana, do Toural etc, encadradas por edificios barrocos de Fernando Casás, Simón Rodríguez etc; rococós de Lucas F. Caaveiro e de Clemente F. Sarela ata a entrada do neoclasicismo de Ventura

Rodríguez. Autores que vemos moverse por toda a Galiza urbana, monacal e parroquial.

A Coruña é, igualmente, unha cidade rehabilitada pola Ilustración: novo urbanismo, novos grupos burgueses, un porto de embarque de emigrantes a Sudamérica e ao servizo do impulso económico de Galiza.

Este país gardaba numerosos templos románicos, revestiunos e ergueu novos no XVIII segundo a devandita evolución artística: unha espléndida realidade construtiva que consumiu grosos excedentes agrogandeiros. Mais da artesanías, das factorías, etc, non gardamos as series de transformacións cara a industria agás na pesca do cerco á xávega, da salga á conserva.

A Galiza do XVIII non contou co motor de dirixentes -fidalguía e clero- en liña coa tecnoloxía europea; ían cara a outros nortes, ancorados no intemporal. Unha minoría foi excepción: impulsou, propuxo reformas, defendeu o país, a lingua galega e a estirpe. A súa semente está viva na actual Galiza da modernidade.